



ORDENANZA Nº 15 REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS PRESTADOS POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

Ao abeiro do previsto na Lei facendas locais este Concello establece a taxa polos servizos prestados polo servizo sociocomunitario.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da taxa por prestación de servizos prestados polo servizo sociocomunitario os específicos nas tarifas contidas no artigo 6 da presente ordenanza.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades prestados polo servizo sociocomunitario que constitúen o feito impoñible da taxa.

ARTIGO 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo todas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.
2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias das ditas entidades.
3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:
 - a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
 - b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
 - c) Nos supostos de cesamento das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendentes na data de cesamento.
4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previstos na Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.

1. Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deban satisfacer por esta taxa.
2. Non obstante, o disposto no apartado anterior, no artigo 6.2 desta ordenanza contéñense tarifas reducidas aplicables cando os suxeitos pasivos acrediten escasa capacidade económica.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA.

- 1.- A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a seguinte:



Tarifa 1ª.- Actividades do programa de “ENVELLECIMIENTO ACTIVO” :	7,84 € usuario/mes
Tarifa 2ª.- Actividades do programa de “ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES e de apoio á escola” :	7,84 € grupo aula/ actividade
Tarifa 3ª.- Actividades do programa de “educación ambiental - CORREDOIRA VERDE” :	11,80 € usuario/mes
Tarifa 4ª.- Actividades do programa de “MOCIDADE” e “IGUALDADE”	7,84 € usuario/mes
Tarifa 5ª.- Actividades doutros programas do Servizo Sociocomunitario :	7,84 € usuario/mes
Tarifa 6ª.- Actividades e participación no “Encontro Anual de Maiores de Narón” :	5,16 € usuario/encontro
Tarifa 7ª.- Outras actividades non incluídas en programación e desenvolvidas ao longo do ano: a determinar pola Xunta de Goberno Local.	

2. De acordo co disposto no artigo 8 da Lei 8/89 do 13 de abril, en situacións de escasa capacidade económica, previo informe social, as tarifas contidas no punto anterior reduciranse nun 50 %.

Para os efectos de obter esta redución, deberá cubrirse o impreso que facilitará o servizo sociocomunitario, achegando copia da última declaración do IRPF.

3. En situacións de absoluta imposibilidade económica para satisfacer as tarifas anteriores, prestaranse os servizos gratuitamente, co informe previo da Área de Servizos Sociais.

ARTIGO 7. REMUNERACIÓN E PERÍODO IMPOSITIVO.

A taxa percibirase cando se inicie a prestación do servizo, aínda que se esixirá o depósito previo cando se formule a solicitude do dito servizo.

A cota anual é irredutible.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. O Concello de Narón fixará os períodos hábiles durante os cales os alumnos poden solicitar a súa matriculación nas disciplinas e cursos dos programas que respectivamente se imparten.

2. Os alumnos pagarán no momento de solicitar a súa matrícula a taxa correspondente ao número de disciplinas e cursos polos que desexe recibir ensinanza, a excepción das que leven cota mensual, nas que se pagará a primeira mensuralidade.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P., e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.